

GUUUUUUU

QUÉ IDEA!

**SISTEMA INTELIXENTE
DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRICIÓN
DA FALA GALEGA**

e-inclusión + eGob/mGob


IA

COMPRÁ PÚBLICA INNOVADORA BAIXO DEMANDA PARA A SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

SISTEMA INTELIXENTE

DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRICIÓN DA FALA GALEGA

Desenvolvemento informático-lingüístico para a inserción, nas aplicacións dixitais e nas plataformas online da Administración pública galega, dun sistema intelixente de interpretación e transcripción da fala galega mediante programación e o emprego da intelixencia artificial (IA), para



- (1) simplificar e garantir unha adecuada comunicación entre a poboación galega con capacidades diferentes, analfabeta ou envellecida e a Administración,
- (2) simplificar as solicitudes das empresas na plataforma web da Oficina Económica descrita na Lei 9/2021 de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia,
- (3) simplificar as actuacións do persoal empregado pola Administración pública de Galicia –axentes forestais, persoal veterinario, persoal inspector ou gardacostas– que desenvolve as súas actividades «*in situ*».

IA

COMPRA PÚBLICA INNOVADORA BAIXO DEMANDA PARA A SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

SISTEMA INTELIXENTE DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRIPCIÓN DA FALA GALEGA

CAMPO OU PROBLEMÁTICA QUE SE PRETENDE RESOLVER

É preciso desenvolver a inserción, nas aplicacións dixitais e nas plataformas online da Administración pública galega, dun sistema intelixente que sexa capaz de interpretar a información comunicada oralmente en galego, para a súa posterior transcripción.

Preténdese desenvolver unha «transformación dixital do sector público» e a súa «modernización»; así como, implantar un sistema que permita a «axilización de procedementos», aspectos considerados na definición de simplificación administrativa na Lei estatal 1/2021.

Mediante a creación dun sistema intelixente de interpretación e transcripción da fala galega proxéctase abordar tres obxectivos principais:

- 1) Simplificar as tramitacións de solicitudes da cidadanía e resolver a problemática que existe na comunicación entre a sociedade galega con capacidades diferentes, analfabeta ou envellecida e a Administración. Considérase importante o emprego da intelixencia artificial para levar a cabo unha adecuada transcripción ao galego normativo da información achegada pola poboación que se expresa en *castrapo* ou mediante as diferentes variacións fonolóxicas –*seseo, gheada*– características da nosa terra.
- 2) Simplificar as tramitacións das empresas conforme a Lei 9/2021, en particular daquelas que contraten persoas con capacidades diferentes.
- 3) Simplificar as tarefas administrativas que desenvolve «*in situ*» o persoal empregado da Xunta de Galicia.

O desenvolvemento deste sistema garantiría acadar obxectivos en pro do desenvolvemento da **e-inclusión**, do **eGob** (administración electrónica) e do **mGob** (administración móbil), tal e como se establece na declaración ministerial de Berlín.

IA

COMPRA PÚBLICA INNOVADORA BAIXO DEMANDA PARA A SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

SISTEMA INTELIXENTE DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRIPCIÓN DA FALA GALEGA CIDADANÍA E EMPRESAS

CAMPO OU PROBLEMÁTICA QUE SE PRETENDE RESOLVER

- É preciso inserir na SEDE ELECTRÓNICA da Xunta de Galicia unha vía para que a poboación vulnerable e as empresas que contratan persoas con capacidades diferentes podan procurar a información a través da fala. Desta forma, dáse apoio á comunicación oral, en consonancia co artigo 1 do Real Decreto 674/2023.

XUNTA DE GALICIA | SEDE ELECTRÓNICA

Trámites A sede Para quen? Axuda A miña sede

Buscar...

Tarxeta Benvída Persoas con discapacidade Autofirma Familia numerosa Notificacións

Chave365: alta, renovación e baixa Axuda ao alugamento de vivenda Bono das persoas autónomas

- As solicitudes poderíanse cumprimentar tamén a través da fala.

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
RECOÑECIMENTO DO GRAO DE DISCAPACIDADE	BS611A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATA DE NACEMENTO SEXO ☐ Home ☐ Muller NACIONALIDADE

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL⁽¹⁾ CORREO ELECTRÓNICO

TEN SEGURIDADE SOCIAL ☐ SI ☐ NON CONDICIÓ ☐ TITULAR ☐ BENEFICIARIA Nº DA SEGURIDADE SOCIAL

(1) IMPORTANTE: será considerado medio electrónico para comunicarlle data/hora de valoración vía SMS. A non presentación á citación concertada sen causa xustificada considerárase motivo de caducidade do procedemento, que será acordada segundo art 95 Lei 39/2015 PAC AAPP

IA

COMPRA PÚBLICA INNOVADORA BAIXO DEMANDA PARA A SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

SISTEMA INTELIXENTE DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRIPCIÓN DA FALA GALEGA PARA O EMPREGADO PÚBLICO

CAMPO OU PROBLEMÁTICA QUE SE PRETENDE RESOLVER

É preciso inserir nas aplicacións ou plataformas da Xunta de Galicia unha vía para que os empregados e as empregadas da Administración podan achegar a información que obteñen no traballo que desenvolven «*in situ*»: axentes forestais, persoal veterinario, persoal inspector, gardacostas, etc. Desta forma, simplifícanse as tarefas administrativas, fóméntase o **e/m-goberno** e desprégase o «Posto Dixital Avanzado do Empregado Público» conforme a Estratexia Galicia Dixital 2030.



PERSONAL
INSPECTOR



PERSONAL
VETERINARIO



GARDA-
COSTAS



AXENTES
FORESTAIS

IA

COMPRA PÚBLICA INNOVADORA BAIXO DEMANDA PARA A SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

SISTEMA INTELIXENTE DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRIPCIÓN DA FALA GALEGA

(1) SOCIEDADE

Ferramenta de simplificación administrativa que favorece a participación e interacción da cidadanía coa Administración mediante comunicacións orais dixitais en galego a través das aplicacións ou plataformas online; co foco posto dunha maneira máis acentuada na poboación sensible: (1) o sector de poboación «prateado», xa que ao envellecer as facultades para a escritura redúcense (tendinites, artroses, discapacidades visuais); (2) o sector da poboación analfabeta, que non sabe escribir; ou (3) as persoas con distintas capacidades: cegueira, dislexia en escritura ou persoas sen extremidades superiores.

(2) EMPRESA

Ferramenta de simplificación administrativa que axiliza a comunicación das empresas que contén con persoal con capacidades diferentes e Administración.

(3) PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN

Ferramenta de simplificación administrativa e mellora das condicións do posto de traballo das persoas empregadas pola Administración Pública de Galicia. Por exemplo: podería levarse a cabo a edición mediante a fala das actas ou informes emitidos «*in situ*» pola inspección -sanidade, medio ambiente, consumo ou industria- ou polo persoal de control de incendios, axentes forestais, persoal veterinario, etc.

SINERXÍA

Sinerxía: Promoción do emprego do galego

Mediante a inserción deste Sistema intelixente de interpretación e transcripción da fala galega nas aplicacións e plataformas online da Administración promóvese o emprego do galego.

IA

COMPRA PÚBLICA INNOVADORA BAIXO DEMANDA PARA A SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

SISTEMA INTELIXENTE DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRIPCIÓN DA FALA GALEGA

Transformación dixital do sector público, modernización e axilización de procedementos

- Autonómica: Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- Estatat: Lei 1/2021, de 11 de febreiro de simplificación administrativa.

Configurar un modelo de atención á cidadanía 360°

- Autonómica: Estratexia Galicia Dixital 2030. Eixe 1: Goberno e Administración Intelixente. Área de actuación: Potenciar unha Administración dixital das persoas.
- Autonómica: Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Medio de apoio á comunicación oral

- Estatat: Real Decreto 674/2023, do 18 de xullo, polo que se aproba o Regulamento das condicións de utilización da lingua de signos española e dos medios de apoio á comunicación oral para as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas. Contribúese á igualdade de oportunidades e a non discriminación das persoas con perda de visión -como é a poboación envellecida- e cegas ou xordo-cegas galegas. Este sector da poboación podería dirixirse á Administración mediante a fala, vía online.

eGob e mGob pola participación social e a inclusión dixital

- Europa: Declaración de Berlín sobre a sociedade dixital e a administración dixital baseada en valores, na reunión ministerial durante a presidencia alemá do Consello da Unión Europea. 2020.

IA

COMPRA PÚBLICA INNOVADORA BAIXO DEMANDA PARA A SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

SISTEMA INTELIXENTE DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRIPCIÓN DA FALA GALEGA

Accesibilidade universal. Impulso da accesibilidade das páxinas web e aplicacións móbiles do sector público

- Autonómica: Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. Capítulo VI Acceso aos bens e servizos ao dispor do público e relacións coas administracións públicas. Artigo 37. Acceso aos bens e servizos das administracións públicas de Galicia. Punto 2. «As administracións públicas de Galicia adoptarán as medidas necesarias para garantir a efectiva accesibilidade universal de calquera persoa nas súas relacións coa Administración, de acordo co marco normativo aplicable».
- Estatutal: Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Artigo 5. Ámbito de aplicación en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. e) Relacións coas administracións públicas, incluído o acceso ás prestacións públicas e ás resolucións administrativas daquelas.
- Estatutal: Estratexia española sobre discapacidade 2022-2030. Eixo 4 Deseño e accesibilidade universal.

Servizos de calidade. Mellora na eficacia administrativa

- Autonómica: Estratexia Galicia Dixital 2030. Eixe 1: Goberno e Administración Intelixente. Área de actuación: Promover un Goberno innovador e do coñecemento. Obxectivo 4: Despregar o Posto Dixital Avanzado do Empregado Público.
- Autonómica: Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

IA

COMPRA PÚBLICA INNOVADORA BAIXO DEMANDA PARA A SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA


SISTEMA INTELIXENTE DE INTERPRETACIÓN E TRANSCRIPCIÓN DA FALA GALEGA

Simplificación en
pro da axilización
das solicitudes
eGob/mGob coas Empresas

Simplificación na
comunicación coa
Administración

e-inclusión da cidadanía:
➤ envellecida
➤ analfabeta
➤ con capacidades diferentes

Simplificación no
posto de traballo
Posto Dixital Avanzado do
Empregado Público



Sinerxía
Promoción do galego



GUAYUUN

e-inclusión + eGob/mGob

